

O LUME NO CASTELO

O “fogo de Bel”, a celebración celta en honor do deus Belenos, tráeme arestora aquí ata Santa María d’A Arzúa case nun chimpido de paxaro do solpor e noite que aniñara en Ons e Cíes nas tantas horas da espera. Un arao, un mascato, a gaivota, o corvo do mar, que é das miñas simpatías, libertario e batiscafo a un tempo. Son as aves que amo e que comparto coa marabillosa presenza dos voadores e voadoras da Terra Interior que me ollara nacer e medrar soñando niños, sabendo merlos, despedindo as andoriñas cabo de lonxe.

Velaí esta Noite que abre “a porta dos homes”, no solsticio do verán, o cumio do astro luminoso, fronte ás anunciadas da outra noite que abre “a porta dos deuses”, cara ao inverno. No corredor que vén do mar de Cangas ata A Arzúa non atopei Apolo nin Minerva, que é coma lembrar nesta noite a Grecia e Roma das nosas paparotas académicas de outrora, cando nada se nos dixo do Pico Sagro e do Monte Summio, do Castro Curbín e da Fonte da Quenlla, todos á vista de arestora dende a torre do Castelo que aquí ha de arder en choutos de ledicia, para que a Campa de Santa María medre en alzas de rapariga namorada e bailadora: muiñeira e xota e ailelelo ás voces e aos ecos da gaita, das cunchas e as ferreñas, do birimbao e do charrasco.

Déixademe que lembre un punto solsticial da miña mellor memoria: cúmpre hoxe corenta anos, e viro o corpo cara a Santalla de Moar, no concello de Frades, para dicir Aldea e saber e repetir todos os nomes da parroquia labrega e os seus rostros de cariño e tradición en lume e canto: elas, eles, na Noite do Beltaine, “a labarada máis fermosa”. Era a primeira vez, cando as anciáns da tribo me levaban cara ao brinco, ese paso en aire polo lume manso, cos ollos abertos á esperanza da ledicia e a semprevida. E a música de noso no fragor daquel espello máxico das árbores múltiples e diversas. Hai que se mollar por dentro e tamén por fóra-escoitaba unha voz rouca de tabacos, que era visitador a diario da Casa de Bello, a taberna das palabras e agarimos. E de aquí a pouco ollaba o mar de Cangas, no Morrazo,

mar Atlántico de partidas ao Grand Sole, Terranova e Capetón, meses de ausencias. Pois da beiramar traio hoxe aquí a flor do tromentelo, a herba luisa, o hortelán, a lavanda, a xarxa (salvia), a folla da nogueira, a da figueira, a da castañeira, o chuchamel, o botón de ouro, a menta, a herma madre, o romero, a malvarrosa, a herda de san xoán, o fiuncho, a silva, o viño (a herba da vide), o limoeiro, o laranxeiro...,que todas elas, nun remexido manancial de convivencia levan consigo o nome d'O Cacho, que se entrega aos solagos da noite mariñeira, en inmersión que reflicte a lúa e o setestrela e bebe a bris do salgado ata perder o tempero e non ser senón esencia, a maxia de se lavar en arrecendo a selva e a xardín do paraíso. Están xa nesta primeira hora en que vos leo esta crónica as praias en muxicas, esas bolboretas que queren ser inicio na plantación do lume e o fogo a un tempo: calor e resplandor, mornura e facho, lumieira acesa ata que o mal espante e fiquen a voz dos namorados onde se incendia o bico e o vagalume, ese pórtico da gloria onde se multiplica a descendencia e medra a nosa historia. O mar que arde en pelouriños aquí e acolá. Non hai ardora esta noite, xa que os peixes non brincan, son espectadores de respecto e de silencio. E cando en Castro Curbín vexamos que raia o sol, no Monte do Facho de Donón abalarán as Cíes no espello do mar coma as gamelas. E cando na Fonte da Quenlla (que fora obradoiro de sineiros) bebamos hoxe “a flor da auga”, na Pedra Moura do Carballal de Coiro, tirando o soño cara Hermelo de Bueu e o Paralaia de Moaña, atravesará a noite coma un fulgor o cabalo da esperas na procura da “pita de ouro” e da “lenda da fada”, que vós tanto sabedes.

A Noite da Estrela, que se bautiza no Muro do Cruceiro. Velaí a vosa singularidade nesta noite. Quen cegue e non sinta, que se olle dentro ata escoitar o tamboril dos paseantes, indo, vindo, vendo...máis alá cara A Vaca Loura, O Careón, Bocelo, Carrio, Farelo...e veña co pelegrín Gaiferos a sobordar as idades do Camiño: un carreiriño vai lixeiro de amencidas: leva un grilo a matrícula nas costas onde se le de aviso 1.647, a cifra do ano que sabedes, que arestora e sempre é celebración na Terra d'A Arzúa. Vai grilo feliz cos seus desexos e chega diante do Castelo. Un ruxerruxe espanta o silencio. Coma no mar, amigas e amigos, cando a Terra é feliz e despois chove.

Xosé Vázquez Pintor,
Santa María d'A Arzúa, 23 de xuño do 2008
Pregón da Noite de San Xohán

Para ver o vídeo do pregón, acceder a
<http://vpod.tv/Netosdearzua/514371>